



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 29 de setembro de 2014, á vista das avaliacións achegadas polas Comisións de Farmacia e Terapéutica do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e o Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

PERTUZUMAB

en combinación con Trastuzumab e Docetaxel para o tratamento de pacientes adultos con **cancro de mama HER2 positivo localmente recidivante irresecable ou metastásico**, que non recibiran tratamento previo anti-HER2 ou quimioterapia para a enfermidade metastásica, de acordo aos seguintes criterios:

- ECOG 0-1
- Función cardíaca normal ($FEVl \geq 50\%$)
- Sen metástase cerebral
- Que transcorran máis de **12 meses** desde o diagnóstico da enfermidade metastásica e a finalización dun tratamento adxuvante con anti HER2.

Outras situacións de potencial beneficio a valorar individualmente serían as seguintes:

1. Podería valorarse a utilización de Pertuzumab + Trastuzumab en combinación con **Paclitaxel semanal** en lugar de Docetaxel cada 3 semanas, nos casos de que houboese contraindicación a Docetaxel (reaccións de hipersensibilidade) ou en pacientes fráxiles nas que o docetaxel puidese resultar especialmente tóxico.
2. A utilización de Pertuzumab + Trastuzumab + Docetaxel en pacientes que recaían a tratamento previo en (neo)adxuvancia (incluído tratamento con Trastuzumab) entre o **mes 6 e 12**, deberá valorarse individualmente nas direccións dos centros sanitarios a través das comisións competentes para elo. Así mesmo farase un seguimento especial destas pacientes.

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2014

O PRESIDENTE DA COMISIÓN AUTONÓMICA CENTRAL DE FARMACIA E TERAPÉUTICA

D. Félix Rubial Bernárdez

COMISIÓN DE FARMACIA E TERAPÉUTICA DOS CENTROS HOSPITALARIOS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

